



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 19 - SETEMBRO - 06

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

SERVIZOS.

Tarifa de prezos - servizos veterinarios.

Na xunta directiva de OVICA celebrada o 17/7/06 foron aprobadas as tarifas a aplicar para os servizos veterinarios extraordinarios. Aplicaranse cando os socios e socias demanden servizos a maiores do establecido do servizo veterinario.

- Colocación de esponxas vacinais, implantes de melatonina, aplicación de desparasitantes e vacinas: 40 € / hora de traballo.
- Ecografías:
 - De 0 a 100: 0,30 € / animal.
 - De 100 a 200: 0,20 € / animal.
 - De 200 en diante: 0,18 € / animal.

Serán gratúitas para quen esté dentro do plan de reprodución con seguimento veterinario.

- Receitas extraordinarias: 1 € /receita.
- Vacinación de cans: se coincide con visita do veterinario: 12 € (aportando a vacina), 5 € (sen aportar a vacina). En caso de ir expresamente a vacinar 30 €.
- Outras demandas: cobrarase co criterio veterinario.

OVICA
caprino e ovino galego

OVELLAS NO MUNDO:



Outro uso das ovelas nos EEUU

PREMIOS.

OVICA opta ó premio AGADER 2.006.

OVICA presentou este ano a súa candidatura ó premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural convocadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Estes premios foron convocados no DOGA do 10 de maio de 2006 e teñen como finalidade premiar a aqueles proxectos que destaquen na dignificación, mellora ou promoción do medio rural. O primeiro premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 25.000 euros. O segundo premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 14.000 euros. O terceiro premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 6.000 euros.

Para optar a este premio OVICA contou co apoio de diversas entidades como: Fundación Ramón González Ferreiro (Allariz), Concello de Allariz, Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, Fundación Semana Verde de Galicia (Silleda), A.RE.NA (Asesores en Recursos Naturais,S.L.), Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Criadores de Carne Montañas del Teleno Soc.. Cooperativa (Castela-León), Asovega.

RAZAS: Maellana.



Orixe: Aragón.

Características: Trátase dun núcleo ovino autóctono en forte regresión, pertencente ó conxunto de razas entrefinas. Raza rústica e sobria, perfil acarneirado de convexo a ultra convexo, a presenza de "mamellas; a súa reducida extensión do vellón e a súa cor branca uniforme. Hoxe en día esta raza conta cuns 3.000 exemplares censados no norte da provincia de Teruel.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese rebaño de 79 ovellas con dereitos. (Paradela - Lugo) 982 54 11 79 / 658 41 60 81
- Véndese rebaño de 60 ovellas-cabrún (Cangas de Foz - Lugo) 609 05 80 11.
- Búscase traballador ou familia para atender explotación de ovino-cabrún en monte veciñal en man común con cercados e instalacións. 670 745 503 – 982 28 41 11.
- Véndense 20 ovellas en Navia de Suarna - Lugo. 982 15 11 59
- Véndese rebaño 20/30 ovellas (Cervantes - Lugo). 982 16 17 84.
- Véndense añas de recría cruce de raza texel. (A Pastoriza - Lugo). 982 33 01 14.
- Véndese 50 ovellas con dereitos. (Tordoia – A Coruña). 981 69 50 44.
- Ofrécense cans de raza *Pastor Alemán* (Lugo) – 982 28 41 11.
- Véndese 70 ovellas con dereitos (Xinzo de Limia - Ourense) – 659 922 923.

FORMACIÓN.

VII Xornadas Técnicas de ovino - cabrún.

DATA: Sábado, 28 de Outubro do 2006

LUGAR: Pazo de Fontefiz (Coles - Ourense)

PROGRAMA DA XORNADA

10:00 Inauguración das Xornadas.

10:30 O lobo e a súa interacción coa gandería: Unha loita secular

Poñente: D. Luís Llana / Vicente Palacios (A.RE.NA – Asesores en Recursos Naturales)

11:45 Descanso

12:00 As razas mellorantes nos cruces cárnicos.

Poñente: D. Diego Albaronedo (AECOP – Asociación Española de Criadores de Ovinos Precoces)

13:00 Mesa Redonda: Gandeiría e Medio Ambiente.

D. Eloi Villada Legaspi (Xefe do FOGGA)

D. Luís Llana / Vicente Palacios (A.RE.NA – Asesores en Recursos Naturales)

D. Luis Lamas Álvarez (Gandeiro)

14:00 Clausura das xornadas

14:00 Xantar

16:30 Visita guiada ó Centro de Recursos Zootécnicos de Galiza.

D. Carlos López Franco

(Director do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia)

ROGASE COMUNICAR ASISTENCIA A OVICA

ACTIVIDADES.

Feira Multisectorial San Froilán 2006 – Mercado Gandeiro e Alimentario.

A fundación Feiras e Exposicións de Lugo xunto coa Consellería de Innovación e Industria e a Consellería do Medio Rural porán en marcha unha feira multisectorial e unha exposición de gando de diversas especies. Con esta mostra preténdese rememorar os orixes das feiras e festas do San Froilán na capital Lucense.

Esta feira terá lugar do 5 ó 8 de outubro no pazo de Feiras e Exposicións de Lugo.

OVICA participará nesta feira cun stand no que se promocionarán, ademais, os produtos que comercializa a cooperativa COVIGA e cunha exposición de gando ovino no que se amosarán diferentes razas.

Os exemplares expostos serán cedidos po-los socios/as de OVICA:

- Manuel Cereijo Díaz.
- José A. Rodríguez Fernández
- José Castro Díaz.
- O Rexo - Granxa Educativa Agrogandeira de Allariz.

HAI INVITACIÓNS PARA A FEIRA A DISPOSICIÓN DOS SOCIOS/AS

FORMACIÓN.

Charla para as comunidades de montes.

OVICA organiza unha charla, sobre as posibilidades da prevención dos lumes no monte a través do silvopastoralismo, dirixida ás comunidades de montes da comarca de Pontevedra - Cotobade. Terá lugar na **casa da cultura de Cotobade en Carballedo o mércores 11 de outubro ás 20:00 horas.**

Estas charlas xorden coa intención de implantar varias explotacións de ovino-cabrún nos montes veciñais da zona, que xa foron visitados por técnicos de OVICA. Tamén requiriron asesoramento comunidades de montes de Lira (Carnota) e Muros.



Visita ás CCMM e á zona queimada de Cotobade - Pontevedra

FORMACIÓN.

Xornadas SEOC.

Técnicos de OVICA e COVIGA desprazáronse a Zamora para participar, os días 20, 21 e 22 de setembro, nas XXXI JORNADAS CIENTÍFICAS Y X JORNADAS INTERNACIONALES DE OVINOTECNIA Y CAPRINOTECNIA que organiza a SEOC (Sociedade Española de Ovinotecnia e Caprinotecnia).

Nestas xornadas participaron máis de 400 veterinarios do sector ovino - cabrún. A participación dos técnicos de OVICA e COVIGA foi sufragada por diversos laboratorios de produtos zoonosanitarios.